

CURSO 22 | 23

4ºESO
PROGRAMACIÓN DIDACTICA ECONOMÍA

IES ENRIQUE MURUAIS
José Ramón Blanco Cabaleiro

1.- ÍNDICE			
1	Aspectos xerais da programación	Folla 1	Páxina
2	Conceptos clave da programación	Folla 2	2
3	Contexto	Folla 3	3-5
	Características do centro e do alumnado.		
	Obxectivos adaptados ao contexto		
4	Secuenciación e temporalización	Folla 4	6
	Secuenciar e temporalizar os contidos por unidades e /ou proxectos		
5	Relacionar para cada unidade:	Folla 5	7-9
	Contidos, criterios de avaliación, competencias clave e estándares		
6	Establecer para cada estándar:	Folla 5	7-9
	Grao mínimo de consecución		
	Peso na cualificación		
	Instrumentos de avaliación		
	Temas transversais		
7	Metodoloxía didáctica:	Folla 6	10-12
	Estratexias metodolóxicas		
	Outras decisións metodolóxicas: agrupamentos, tempos, espazos, materias, recursos		
8	Avaliación	Folla 7	13-18
9	Avaliación inicial	Folla 7	13
	Procedemento para a avaliación inicial		
	Criterios para a acreditación de coñecementos previos, no seu caso. (Bacharelato)		
10	Avaliación continua	Folla 7	13-15
	Procedemento para a avaliación continua : Número e tipo de exames e outras probas a valorar		
	Criterios de cualificación: Valoración dos exames, traballo diario, interese na aula, etc.		
	Elaboración da nota media		
	Recuperación dunha proba ou exame		
	Recuperación dunha avaliación		
11	Avaliación final (ESO- BACH)	Folla 7	15-16
	Quen debe ir á avaliación final?		
	En que consistirá a proba?		
	Que estándares se van a avaliar?: os das avaliacións pendentes, todos, ...		
	Como se elabora a cualificación final?: Ponderación, redondeos, etc?		
	Que criterios segue o centro para a promoción?		
12	Avaliación extraordinaria (ESO- BACH)	Folla 7	16
	Procedementos para a avaliación extraordinaria: características da proba escrita		
13	Materias pendentes de cursos anteriores	Folla 7	16
	Procedemento para o seguimento e avaliación das materias pendentes: Traballo, probas, etc.		
	Criterios de cualificación: valoración de traballos, probas escritas, outras.		
14	Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente	Folla 8	17
	Indicadores de logro da planificación e do proceso de ensino		
	Indicadores de logro da práctica docente		
15	Avaliación da programación didáctica	Folla 8	18
	Indicadores de logro sobre a programación didáctica		
16	Atención á diversidade	Folla 9	19-20
	Medidas ordinarias: Organizativas		
	Medidas ordinarias: Curriculares		
	Medidas extraordinarias: Organizativas		
	Medidas extraordinarias: Curriculares		
17	Actividades complementarias e extraescolares	Folla 10	20
	Referencia ás actividades complementarias e extraescolares recollidas na PXA.		
18	Datos do departamento	Folla 11	21
19	Relación coa Resolución do 27/07/2015 (DOG 29)	Folla 12	21
20	Plan Lector	ANEXO I	22
21	Plan Igualdade	ANEXO II	23

2.- CONCEPTOS CLAVE (Orde OCD 65/2015 (BOE 29/1/2015)	
Desenvolvemento curricular	2ª nivel de planificación curricular. Elabora e revisa a CCP. Aproba o Claustro. Inclúese no PE
Programacións didácticas	3º nivel de planificación. Realizada polos departamentos didácticos
Programación de aula	4º nivel de planificación. Realizada polo profesorado.
Programación didáctica	Instrumento de planificación curricular específico de cada área que pretende ordenar o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado. Debe responder a estas cuestións: 1.- Que, cando e como ensinar / 2.- Que, cando e como avaliar / 3.- Como atender á diversidade
Criterios de avaliación	Son os que deben servir de referencia par valorar o que o alumno sabe e sabe facer en cada área/materia. Desglósanse en estándares
Estándares de aprendizaxe	Especifican os criterios de avaliación concretando o que alumno debe comprender, saber e saber facer Pretenden graduar o rendemento ou o logro acadado. Deben ser observables, medibles e avaliáveis. Poden concretarse a través dos indicadores de logro
Criterios de cualificación	
Indicadores de logro	Son especificacións dos estándares para graduar o seu nivel de adquisición. Forman parte dos criterios de cualificación do dito estándar. O instrumento máis idóneo para identificar esa graduación sería a rúbrica. (O docente é o responsable da súa definición e posta en práctica)
Grao de consecución dun estándar	Serve para sinalar o grao mínimo de consecución esixible dun estándar para superara a materia (Art. 13º, 3d da Resolución 27/7/2015) (Canto maior sexa o grao esixido de consecución máis imprescindible se considera o estándar)
Estándares imprescindibles	Son os estándares mínimos esixibles para superar un área. O seu grao de adquisición debería estar en torno ao 100%. (Galicia non os menciona)
Criterios de cualificación e instrumentos	Serven para ponderar o "o valor" que se dá a cada estándar e a proporción que cada instrumento utilizado para avalialo achega a ese valor.
Procedementos e instrumentos	Foron fixados no Proxecto curricular do Ministerios en 1992. Habería que engadir as Rúbricas ou escalas e os Portfolios . "Os procedementos de avaliación utilizables, como a observación sistemática do traballo do alumnado, as probas orais e escritas, o portfolio, os protocolos de rexistro ou os traballos de clase, permitirán a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente" (Ver art. 7º, 6, terceiro parágrafo, da Orde OCD 65/2015 (BOE 29/1/2015))
Rúbrica	Instrumento de avaliación que permite coñecer o grao de adquisición dunha aprendizaxe ou dunha competencia
Portfolio	Achega de producións dun alumno/a
OUTROS ASPECTOS	
Graduación dos estándares	Para identificar o progreso dos mesmos ao longo dunha etapa
Perfil de área	Conxunto de estándares que ten unha materia. Son a referencia para a programación, a avaliación e o reforzo (Ver artº 5º, 6 Orde ECD 65/2015)
Perfil competencial	Conxunto de estándares de diferentes áreas relacionados coa mesma competencia clave (Ver art. 5º, 7 Orde ECD 65/2015)
Avaliación das competencias	"A avaliación do grao de adquisición das competencias debe estar integrada coa avaliación dos contidos, na medida en que supón mobilizar os coñecementos, destrezas, actitudes e valores (Art. 7º,3 da Orde ECD 65/2015)
Nivel de desempeño das competencias.	... "Poderanse medir a través dos indicadores de logro, tales como rúbricas ou escalas de avaliación ... que teñan en conta á atención á diversidade (Art. 7º, 4 da Orde ECD/65/2015)
Tarefa	É a acción ou conxunto de accións orientadas á resolución dunha situación ou problema, nun contexto definido, combinando todos os saberes dispoñibles para elaborar un produto relevante. As tarefas integran actividades e exercicios.
Identificación de contidos e criterios	Exemplo: B1.1 : B1: Bloque de contido / 1: Número de contido dun bloque
Identificación de estándares	Exemplo: XH B1.1 .2 XH: Abreviatura da área: Xeografía e Historia B1. Bloque de contidos do que xorde o estándar 1. Número do criterio de avaliación que orixina o estándar 2. Número de estándar dun determinado criterio de avaliación.

3.- CONTEXTO

1.- Contexto do centro

1.1.-Características do centro.

a) Situación.

O I.E.S de A Pontenova está situado ó nordeste da provincia de Lugo, dentro da comarca da Mariña Oriental, e conta cunha extensión aproximada de 136Km².

Xeograficamente, A Pontenova limita ó norte co concello de Trabada, ó sur con Fonsagrada e Ribeira de Piquín, ó este co Principado de Asturias, e ó oeste con Riotorto. O río Eo divide ó municipio en dúas metades.

É unha comarca eminentemente rural. O concello de A Pontenova ten un total de 2.264 habitantes (2018). Nos últimos anos o concello sufriu unha perda de poboación debido ó envellecemento poboacional e a regresión do sector primario.

Desde o punto de vista socioeconómico o concello caracterízase por un elevado peso do sector primario (40% da poboación activa), aínda que tamén conta con 206 empresas dos sectores da industria, construción, transporte, hostalaría e servizos. A cifra de paro no 2019 era de 67 persoas o que supoñía un 7,41%. A renda media dispoñible é de 16.360.-€ (2018) datosmacro.expansion.com

b) Centros adscritos.

O alumnado acude ó centro procedente dos centros de primaria adscritos que son:

- C.E.I.P. de A Pontenova.
- C.E.I.P. de Riotorto.

c) Ensinanzas que oferta.

Actualmente, no centro impártense as seguintes ensinanzas:

E N S I N A N Z A S	Educación Secundaria Obrigatoria	1º
		2º
		3º
		4º
	Bacharelato	Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais
Modalidade de Ciencias		

d) Características singulares.

Este centro é o único da vila polo que todo o alumnado escolarízase nel.

É un centro que conta con pouco alumnado, arredor dos 100 alumnos, no que non se dan condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e si algunhas condutas leves de xeito esporádico.

O centro dispón de aulas materia para plástica, música, informática, tecnoloxía (TIC), bioloxía, física e química e de idiomas. Tamén conta cun pavillón deportivo, unha biblioteca unha sala de audiovisuais e ten habilitado un espazo como salón de actos.

Estamos inmersos no Plan Abalar e no Edixgal.

O centro está integrado no PLAMBE

O centro ten unha sección bilingüe en matemáticas no niveis de 2º e 3º da ESO.

*** Características do alumnado:**

1.2.- Características do alumnado

Lingua materna dominante.

O alumnado procede maioritariamente do entorno e é galego falante. Coñécense, a lo menos, dende 1º da ESO.

Relación entre alumnado e profesorado:

Son rapaces disciplinados, alegres, non hai absentismo e a convivencia é fácil.
En xeral, trátase de adolescentes experimentando os cambios propios da idade.

Alumnado con NEAE no curso actual.

Un dos aspectos máis salientables é a diversidade inherente de cada alumno e alumna, referíndome as diferentes formas de pensar, crear, do método de traballo, do interese e a motivación o que se manifesta na cantidade e calidade da aprendizaxe.

Aparte das características diferenciais inherentes á totalidade do noso alumnado no curso non temos alumnos con NNEE

2.- Obxectivos (adaptados ao contexto do centro e do alumnado):

1	Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
2	Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
3	Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
4	Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
5	Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
6	Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
7	Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
8	Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
9	Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

10	Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
11	Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
12	Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
13	Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
14	Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
15	Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

4.- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS 4º ESO

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia libro de texto	Temporalización		Proba avaliación
	Tem a	Bloque	Contido		mes	sesións	
B.1 IDEAS ECONÓMICAS BÁSICAS B.2 ECONOMÍA E EMPRESA							
1ª Avaliación	1	B1.1	Economía como ciencia: actividade económica e sociedade.	1	SET.	8	X
	1	B1.2	Principios na toma de decisións económicas	1	OUT.		
	1	B1.3	Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo de oportunidade	1	OUT.		
	1	B1.4	O método na economía: modelos económicos.	1	OUT.		
	2	B1.5	Fronteira de posibilidades de produción	2	OUT.	11	
	2	B2.5	Proceso produtivo e factores produtivos.	2	OUT.		
	2	B2.6	Sectores da actividade económica	2	NOV.		
	3	B1.6	As relacións económicas básicas e a súa representación.	3	NOV.	8	
	3	B2.8	Ingresos e custos da empresa: clasificación.	3	NOV.		
	3	B2.9	Resultados da empresa.	3	NOV.		
	4	B2.1	A empresa e o/a empresario/a.	4	NOV.	10	
	4	B2.2	Elementos, funcións e obxectivos da empresa	4	DEC.		
	4	B2.3	Clases de empresas	4	DEC.		
	4	B2.4	Formas xurídicas da empresa.	4	DEC.		
4	B2.7	Fontes de financiamento das empresas. Novas formas de financiamento.	4	DEC.			
4	B2.10	Obrigas fiscais das empresas.	4	DEC.			
B.3 ECONOMÍA PERSOAL B.4 ECONOMÍA E INGRESOS E GASTOS DO ESTADO							
2ª Avaliación	5	B3.1	Orzamento persoal. Control de ingresos e gastos.	5	XAN.	8	X
	5	B3.2	Xestión do orzamento. Obxectivos e prioridades.	5	XAN.		
	5	B3.3	Planificación económico-financieira: necesidades económicas nas etapas da vida.	5	XAN.		
	5	B3.4	Aforro e endebedamento. Os plans de pensións.	5	XAN.		
	6	B3.5	Risco e diversificación	6	XAN.	9	
	6	B3.10	O seguro como medio para a cobertura de riscos. Tipoloxía de seguros.	6	FEB.		
	7	B3.6	O diñeiro.	7	FEB.	8	
	7	B3.7	Contratos financeiros: contas e tarxetas de débito e crédito	7	FEB.		
	7	B3.8	Relacións no mercado financeiro: información e negociación	7	FEB.		
	7	B3.9	Implicacións dos contratos financeiros. Dereitos e responsabilidades dos/das consumidores/as no mercado financeiro	7	FEB.		
	10	B4.1	Orzamentos públicos: ingresos e gastos do Estado.	10	MAR.	8	
	10	B4.2	débeda pública e o déficit público	10	MAR.		
10	B4.3	Desigualdades económicas e distribución da renda.	10	MAR.			
B.5 ECONOMÍA E TIPOS DE XURO, INFLACIÓN E DESEMPREGO B.6 ECONOMÍA INTERNACIONAL							
3ª Avaliación	8	B5.1	Tipos de xuro.	8	ABR.	9	X
	8	B5.2	Inflación.	8	ABR.		
	8	B5.3	Consecuencias dos cambios nos tipos de xuro e inflación.	8	MAI.		
	9	B5.4	Desemprego: clasificación e consecuencias	9	ABR.	7	
	9	B5.5	Causas do desemprego e políticas contra o desemprego. O desemprego en Galicia	9	ABR.		
	9	B5.6	Perspectivas da ocupación.	9	ABR.		
	11	B6.2	Comercio internacional	11	MAI.	8	
	11	B6.3	Integración económica e monetaria europea.	11	MAI.		
12	B6.1	Globalización económica.	12	XUN.	8		
12	B6.4	Economía e ambiente: sustentabilidade.	12	XUN.			

5.- RELACIONAR ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE

					Estándares de aprendizaxe//indicadores de logro (1)	Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación							Temas trasversais												
Tema s	Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. Estándares	Competencias clave	Estándares de Aprendizaxe	Grao min de consecuc.	Peso na cualific.	Instrumentos							Temas Transversais										
								PO	PE	TI	TG	C	R (2)	O	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV				
1ª AVALIACIÓN				TEMAS 1,2,3 e 4																					
1	B1.1/B1.2/B1.3/B1.4	B1.1	B1.1.1	CCL/CSC	Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias.	100%	45%		75%	20%				5%	X	X						X			
			B1.1.2	CAA/CD	Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica as súas vantaxes, os seus inconvenientes e as súas limitacións.	50%	35%		75%	20%				5%	X	X							X		
		B1.2	B1.2.1	CCL	Comprende e utiliza correctamente termos da área da economía.	100%	20%		75%	20%				5%	X	X								X	
			B1.2.2	CAA/CSC	Diferencia entre economía positiva e economía normativa.	50%	10%		75%	20%				5%	X	X									
2	B1.5/B2.5/B2.6	B1.2	B1.2.3	CD/CMCCT	Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción.	50%	50%		75%	20%				5%	X	X		X							
			B2.2	B2.2.1	CMCCT/CSC	Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía.	100%	25%		75%	20%				5%	X	X								
		B2.2.2		CD/CSC	Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades.	100%	25%		75%	20%				5%	X	X		X							
3	B1.6/B2.8/B2.9	B1.3	B1.3.1	CMCTT/CSC	Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas.	100%	25%		75%	20%				5%	X	X						X	X		
			B1.3.2	CMCTT/CSC	Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu contorno.	50%	25%		75%	20%				5%	X	X				X	X				
		B2.2	B2.2.1	CMCTT/CSC	Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía	100%	25%		75%	20%				5%	X	X					X				
			B2.4	B2.4.2	CD/CMCTT	Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados.	100%	25%		75%	20%				5%				X	X	X				
4	B2.1/B2.2/B2.3/B2.4/B2.7/B2.10	B2.1	B2.1.1	CMCTT/CSIEE	Distingue as formas xurídicas das empresas e relacións coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo.	100%	20%		75%	20%				5%	X	X				X	X				
			B2.1.2	CAA/CD	Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.	50%	15%		75%	20%				5%	X	X		X	X						
			B2.1.3	CSIEE/CSC	Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu contorno máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan.	50%	10%		75%	20%				5%	X	X						X	X		
		B2.3	B2.3.1	CCL/CD/CMCTT	Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.	100%	25%		75%	20%				5%	X	X									
			B2.5	B2.5.1	CD/CMCTT	Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles.	100%	20%		75%	20%				5%	X	X				X	X	X		
		B2.5.2		CMCTT/CSC	Valora a achega que para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as empresas.	50%	10%		75%	20%				5%	X	X							X	X	

Temas	Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. Estándares	Competencias clave	Estándares de Aprendizaxe	Grao mín de consecuc.	Peso na cualific.	Instrumentos							Temas Transversais							
								PO	PE	TI	TG	C	R	O	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	
2ª AVALIACIÓN				TEMAS 5,6,7 e 10																		
5	B3.1/B3.2/B3.3/B3.4	B3.1	B3.1.1	CAA/CD/CMCCT	Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento.	100%	35%		75%	20%				5%		X	X			X		
			B3.1.2	CAA/CD/CMCCT	Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado.	50%	15%		75%	20%				5%	X	X		X		X		
			B3.1.3	CAA/CD/CMCCT	Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas	50%	15%		75%	20%				5%	X	X	X	X		X		
		B3.2	B3.2.1	CAA/CSIEE	Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional.	100%	15%		75%	20%				5%	X	X				X	X	
		B3.3	B3.3.1	CAA/CSC	Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto.	100%	20%		75%	20%				5%	X	X				X		
6	B3.5/B3.10	B3.3	B3.3.2	CAA/CSC	Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento.	100%	70%		75%	20%				5%	X	X			X			
		B3.5	B3.5.1	CAA/CCL/CMCTT	Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida.	100%	30%		75%	20%				5%	X	X			X			
7	B3.6/B3.7/B3.8/B3.9	B3.4	B3.4.1	CCL/CMCCT	Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria.	100%	30%		75%	20%				5%	X	X				X		
			B3.4.2	CCL/CAA/CD	Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos.	100%	20%		75%	20%				5%	X	X	X			X		
			B3.4.3	CAA/CD	Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas.	50%	20%		75%	20%				5%	X	X				X	X	
			B3.4.4	CCL/CD/CMCCT	Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa.	100%	30%		75%	20%				5%	X	X				X		
10	B4.1/B4.2/B4.3	B4.1	B4.1.1	CMCTT/CSC	Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións.	100%	20%		75%	20%				5%	X	X						
			B4.1.2	CD/CMCTT	Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado	50%	15%		75%	20%				5%	X	X		X				
			B4.1.3	CMCCT/CSC	Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo.	100%	10%		75%	20%				5%	X	X			X	X		
			B4.1.4	CCL/CSC	Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución	100%	20%		75%	20%				5%	X	X		X		X	X	
		B4.2	B4.2.1	CCL/CMCCT	Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles.	100%	15%		75%	20%				5%	X	X				X	X	
		B4.3	B4.3.1	CCL/CMCTT/CSC	Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta.	100%	10%		75%	20%				5%	X	X				X	X	
			B4.3.2	CAA/CD/CMCCT	Interpreta gráficos representativos da distribución da renda	50%	10%		75%	20%				5%	X	X	X	X		X		

Temas	Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. Estándares	Competencias clave	Estándares de Aprendizaxe	Grao mín de consecuc.	Peso na cualificac	Instrumentos							Temas Transversais							
								PO	PE	TI	TG	C	R	O	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	
3ª AVALIACIÓN			TEMAS 8,9,11 E 12																			
8	B5.1/B5.2/B5.3	B5.1	B5.1.1	CCL/CSC	Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.	100%	40%		75%	20%				5%	X	X				X		
			B5.1.2	CCL/CMCTT/CSC	Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía.	100%	40%		75%	20%				5%	X	X				X		
			B5.1.3	CD/CMCCT	Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego	50%	20%		75%	20%				5%	X	X		X				
9	B5.4/B5.5/B5.6	B5.1	B5.1.3	CD/CMCTT	Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego	50%	15%		75%	20%				5%	X	X		X				
			B5.2	B5.2.1	CD/CMCTT/CSC	Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.	100%	35%		75%	20%				5%	X	X			X	X	X
			B5.2.2	CD/CSC	Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego.	100%	15%		75%	20%				5%	X	X				X	X	
			B5.2.3	CAA/CD	Investiga e recoñece vieiros e tendencias de emprego.	50%	25%		75%	20%				5%	X	X				X	X	
11	B6.2/B6.3	B6.1	B6.1.2	CCL/CSC	Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel.	100%	50%		75%	20%				5%	X	X		X				
			B6.1.4	CCL/CD/CSC	Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea	100%	50%		75%	20%				5%	X	X		X	X			
12	B6.1/B6.4	B6.1	B6.1.1	CAA/CSC	Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos	50%	30%		75%	20%				5%	X	X			X	X	X	
			B6.1.3	CAA/CD/CSC	Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional	50%	30%		75%	20%				5%	X	X		X	X	X	X	
			B6.1.5	CAA/CSC	Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable.	100%	30%		75%	20%				5%	X	X				X	X	

(1) A partir de cada estándar pódese determinar "indicadores de logro" máis precisos que indiquen o nivel de adquisición do mesmo. (O instrumento máis idóneo é a rúbrica)

(2) As rúbricas soen utilizarse para avaliar as producións do alumnado: traballos de aplicación, sínteses e textos escritos,...

LENDAS COMPETENCIAS	
CCL	Competencia Lingüística
CMCCT	Competencia matemática, en ciencia e tecnoloxía
CD	Competencia dixital
CAA	Competencia de aprender a aprender
CSC	Competenciaa sociais e cívicas
CSIEE	Sentido de la iniciativa e espírito emprendedor
CCEE	Conciencia e expresión cultural

INSTRUMENTOS	
PO	Proba oral
PE	Proba escrita
TI	Traballo individual
TG	Traballo en grupo
C	Caderno
R	Rúbrica
O	Observación

LENDAS ELEMENTOS TRANSVERSAIS	
CL	Comprensión lectora
EDE	Expresión oral e escrita
CA	Comunicación audiovisual
TIC	Técnicas de la información y comunicación
EMP	Emprendemento
EC	Educación cívica
PV	Prevención da violencia

6.- METODOLOXÍA

1.- Estratexias metodolóxicas

1. Aspectos xerais

A metodoloxía será flexible, adaptándonos as características da materia, do centro e a realidade do alumnado.

Grazas á avaliación inicial, poderemos partir dos coñecementos previos do alumnado, servíndonos tamén para coñecer a situación preexistente respecto ás medidas a adoptar para a atención á diversidade no grupo, e así poder respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe propios de cada un dos alumnos.

Fomentarase a aprendizaxe significativa mediante a resolución de actividades e supostos prácticos, trala exposición que dos diferentes contidos faga o profesor .

Tratarase de estar atentos á actualidade para vela aplicación práctica que na realidade teñen as unidades didácticas explicadas na aula. En concreto, considérase básica a procura, tanto na Internet, na radio, como nos xornais e na prensa especializada, de información de actualidade económica.

O alumnado traballará de forma activa mediante a realización de determinadas tarefas, de tal xeito que o mesmo aprenda facendo, ó tempo que acada a súa propia autonomía persoal.

Procuraremos que as clases sexan participativas, para propiciar unha mellor comprensión da materia. Neste punto terase en conta a orde (preguntas e contestacións construtivas) e o respecto mutuo cara ós compañeiros e compañeiras (actitude tolerante e de cooperación, non sexista, etc.)

Fomentarase tamén que o alumnado adquira os distintos hábitos de uso e coidado dos materiais.

Sen esquecer que o profesor dirixe o proceso de aprendizaxe, orientando, motivando, e controlando.

2. Estratexias metodolóxicas

Estratexias de motivación inicial que partirán dos **coñecementos e experiencias previos** do alumno. Así, o principio do curso farémolles unha enquisa, que non teremos en conta na cualificación do alumno. Do mesmo xeito, ao comezo de cada tema realizaremos unha actividade para descubrir as ideas previas dos alumnos sobre ese novo tema e así poder orientalo e enriquecelo coas aportacións dos alumnos.

Estratexias didácticas coas que buscamos que se **comprendan conceptos e procesos, propiciando a súa creatividade e reflexión**. Destaco:

Estratexias expositivas: o profesor é o emisor e o alumno o receptor. Son interesantes para relacionar coñecementos previos, para motivar e plantexar polémicas.

Estratexias de indagación: o alumno descubre por si só os conceptos guiado polo profesor. Procurárase motivalos para que se fagan preguntas, que razoen con lóxica, que manexen información e que a organicen. Favorece o esforzo persoal e a responsabilidade individual.

Estratexias sociais : Traballarán contidos académicos a través de habilidades socio-afectivas, cooperación, aceptación doutros puntos de vista. Favorece a responsabilidade grupal. (P.ex.: no estudo de casos prácticos e debates).

Todo isto farémolo empregando:

- ✓ actividades de introdución (para a estratexia de motivación),
- ✓ actividades de desenvolvemento: de descubrimento dirixido, de consolidación, de investigación e comunicación de resultados, de autoavaliación, de lectura,
- ✓ actividades de ampliación,
- ✓ actividades de reforzo,
- ✓ actividades de avaliación,
- ✓ e actividades extraescolares.

3. Secuenciación habitual de traballo na aula

O traballo das unidades didácticas seguirá estes pasos:

1. Abrimos a **aula virtual** e dende aí accedemos os recursos e actividades que iremos engadindo a medida que avance o tema.
2. Cómic/Foto, artigo/vídeo coa intención de descolocar ou contextualizar o tema.
3. A partires de aí indagar sobre o nivel de coñecementos dos alumnos (debates).
4. Exposición de contidos polo profesor
5. Realización de actividades prácticas, resolución de problemas, lectura reflexiva e crítica en base a informacións ou datos reais, unhas veces guiados polo profesor, outras de forma individual ou grupal, podendo realizarse na clase e na casa e variándoas segundo os seus intereses e as súas capacidades.
6. Elaboración de mapas conceptuais o final do tema e resolución de dúbidas en todas as sesión.
7. Realización de probas escritas
8. Unha vez ao trimestre exposición dalgunha das lecturas obrigatorias ou voluntarias.

2.- Outras decisión metodolóxicas

1. Agrupamentos:

Non se prevén agrupamentos dentro da aula, máis alá do que sería o desenvolvemento propio de traballos de carácter grupal.

2. Tempos:

Dispoñemos de 3 sesións semanais de 50 minutos de duración.

3. Espazos:

De xeito habitual os alumnos e alumnas acudirán á súa aula de referencia, aínda que en determinadas ocasións poderán ser reconducidos á aula de informática ou a aula TIC

4. y 5. Materiais e Recursos didácticos

Serán variados para dar resposta a diversidade de estilos de aprendizaxe e variedade de alumnos, clasificámoslos en tres categorías:

- Os que empregan como **soporte a palabra escrita**: power-point elaborado polo profesor, libro de texto, prensa, revistas, cómics e novelas de contido económico, infografías da rede ou de outros libros de texto
- Os que empregan como **soporte os medios audiovisuais**: Fotos, YouTube, documentais e películas
- Os que empregan como **soporte os medios informáticos**: ordenador, aula virtual, páxinas web, blogs de contido económico.

Para o seu uso, dispoñemos na aula de ordenador e pantalla dixital con conexión a internet
As novelas e os comics, témoslos no departamento e na biblioteca a disposición do alumnado.

1. **Procedementos de avaliación inicial****En que data se realizará?:**

Nas primeiras sesións do curso

En que consistirá?:

Serán preguntas básicas sobre a materia relacionadas cos estándares. A intencionalidade é comprobar o grado de coñecemento que o alumnado posúe sobre a materia e o interese pola mesma.

Consistirá nunhas preguntas tipo test e a análise dun texto no que haberá feitos económicos que deberán detectar e explicar.

Como se informará á familia?:

Os resultados dos procedementos de avaliación inicial non serán comunicados á familia a excepción dalgún caso particular no que valorado co orientador e o titor pareza adecuado facelo. A comunicación realizaríase, nestes casos, a través do titor.

Cales serán as consecuencias dos resultados?:

Os resultados axudarán na toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo e as súa adecuación as características do alumnado. Enriquecendo o proceso de ensino-aprendizaxe xa que permitirá adaptar a materia ao nivel do grupo indicando así como a maneira de traballar nel.

Non terá consecuencia algunha para o alumnado nos resultados da avaliación.

2. **Acreditación de coñecementos previos****Que procedemento se seguirá? (Marcar cunha cruz)**

- a) Matrícula como pendente?
- b) Proba

De optar pola proba

- a) Que tipo de proba?
- b) Como se avaliará?

3. **Procedemento avaliación continua**

Está prohibido o uso de calquera dispositivo electrónico (tablets, smartwatches, pinganillos,...) durante a realización das probas escritas (os móbiles deberán estar apagados). Se ao alumnado sorpréndeselle copiando ou utilizando medios telemáticos, sancionaráselle coa expulsión da proba, e cunha calificación dun 0 na mesma.

Con que temporalización se farán probas escritas?:

As probas escritas realizaranse segundo a táboa de secuenciación e temporalización dos contidos desta programación (folla 6).

A data dos exames non se cambiará salvo casos de forza maior debidamente xustificadas.

Se un alumno non acude ao exame deberá traer xustificante médico ou similar contemplado na lei.

Como se cualifican as probas, traballos individuais ou colectivos, traballo no caderno, observación. Ponderación, redondeo, ...?

A cualificación realizarase mediante unha media ponderada das cualificacións obtidas con cada un dos instrumentos de avaliación empregados. Concretamente:

- ✓ **75% Probas escritas de avaliación**, realizaranse dúas probas ao trimestre que incluírán cuestións teóricas (a base de preguntas tipo test e preguntas breves que requirirán explicación ou resposta cunha frase, palabra ou enumeración de elementos)

No momento da realización do exame se informará ao alumnado da valoración de cada unha das preguntas e dos seus apartados.

- ✓ **20% Actividades realizadas**, neste apartado teremos en conta as actividades e traballos desenvolvidos na aula e as levadas a casa sexan individuais ou en grupo e a evolución do traballo.
- ✓ **5% Observación na aula**
- ✓ Coa **lectura voluntaria e co traballo de investigación** poderían subir a nota da avaliación ata 1 punto.

Que aspectos se van valorar no desenvolvemento da parte práctica da proba escrita e das actividades?

- ✓ A coherencia ordenada e razoada na exposición da resposta
- ✓ A claridade da exposición.
- ✓ A utilización dunha adecuada terminoloxía.
- ✓ A precisión na realización do cálculo

No caso de **exposición oral** valoraremos

- ✓ O contido
- ✓ A estrutura da exposición
- ✓ A claridade da exposición (linguaxe corporal,oral)
- ✓ O emprego dun léxico adecuado ao seu nivel e con terminoloxía económica.

No caso de **traballo escrito** valoraremos

- ✓ O contido
- ✓ A estrutura do escrito
- ✓ A ortografía e o emprego dun léxico adecuado con terminoloxía económica.
- ✓ A reflexión crítica.

Que aspectos se van a valorar dentro da observación do traballo na aula?:

- ✓ **Traballo en equipo.**
 - Amona iniciativa no desenrolo do mesmo.
 - Actúa de forma coordinada e colaborativa co resto de alumnos
 - Mantén unha actitude de respecto cara ós seus compañeiros.
- ✓ **Participación na clase.**
 - Plantexando dúbidas relacionadas coa materia explicada
 - Facendo aportacións cando así se solicite polo profesorado
- ✓ **Convivencia**
 - Puntualidade
 - Faltas de asistencia
 - Falar na clase
 - Alterar o mobiliario: mesas, cadeiras, etc.
 - Tirar papeis, restos de comida.
 - Comer ou mascar chicles, lambetadas, etc.
- ✓ **Traballo en clase**
 - Seguimento das explicacións
 - Desenrolo das tarefas encomendadas.
 - Traer o material necesario (caderno, fotocopias, bolígrafo, pendrive...)
- ✓ **Traballo casa / aula**
 - Entrega do traballo en tempo e forma
 - Contido, se contestan todas as cuestións ou non.
 - Sospeitas de traballo copiado.
 - Traballo ben presentado, sen rascaduras nin faltas de ortografía destacables.

Como se fai a media de cada unha das avaliacións? Ponderación, redondeo,:

A cualificación das probas escritas do trimestre será a **media aritmética das dúas probas realizadas**, sendo necesario acadar un 4 en cada unha delas para considerar os exames superados e poder facer a media ponderada.

A cualificación da avaliación trimestral realizarase mediante unha **media ponderada** que será un **75% das probas escritas**, máis un **20% das actividades realizadas**, máis un **5% do observado na aula**, coa oportunidade de subir 1 punto cun traballo dunha lectura voluntaria ou coa realización dun traballo de investigación.

O alumnado para **superar a avaliación** deberá acadar unha **media ponderada de 5** puntos, se a cualificación é inferior, deberá realizar probas de recuperación.

No resultado das medias:

- a) se a nota ten máis de 0.5 decimais farase un redondeo para o enteiro superior no caso de que a traxectoria do alumno, nesa avaliación, sexa adecuada en canto a asistencia á clases, comportamento, presentación de traballos e outros e no caso de que estes aspectos non sexan favorables, o alumno quedará coa nota inferior;
- b) se a nota ten menos de 0.5 decimais quedará co número enteiro inferior.

Como se recupera unha proba non superada?:

O alumno que **non acade un 4** nalguna das **probas escritas** de cada avaliación ou que **non alcance o 5 na media ponderada** total deberá realizar unha proba obxectiva de recuperación.

A proba terá a mesma estrutura que as probas escritas ordinarias e comprenderá **a materia suspensa do trimestre** (mantéñense aprobada a parte superada).

Para redondear a nota o enteiro máis próximo teremos en conta en sentido positivo a evolución do traballo do alumno o longo do trimestre, a asistencia a clase, a participación e o comportamento, do mesmo xeito valorarase en sentido negativo se os aspectos mencionados non son favorábeis.

A **nota máxima** que se poderá obter de acudir a recuperación será dun **5**.

4. Procedemento avaliación final

Quen debe ir á avaliación final?:

O alumno que non superara algunha das avaliacións mediante a recuperación deberá presentarse ao exame final.

En que consistirá a proba?:

A proba terá a mesma estrutura que as probas escritas ordinarias que incluírá cuestións teóricas (a base de preguntas test e breves que requirirán explicación ou resposta cunha frase, palabra ou enumeración de elementos)

Para redondear a nota o enteiro máis próximo, teremos en conta en sentido positivo a evolución do traballo do alumno o longo do trimestre, a asistencia a clase, a participación e o comportamento, do mesmo xeito valorarase en sentido negativo se os aspectos mencionados non son favorábeis.

A **nota máxima** que se poderá obter de acudir ao exame final será dun **5**.

Que estándares se van avaliar? Avaliación pendentes, todos, ...:

Nesta proba se avaliarán de **todos** os contidos da **avaliación ou avaliacións suspensas** durante o curso (aínda que tiveran algún exame superado).

Consideraranse os **estándares correspondentes** aos contidos non superados.

Como se elabora a cualificación final. Ponderación, redondeos, etc.?:

A nota da avaliación final no caso de ter as **tres avaliacións superadas** será a **media aritmética** dos tres trimestres .

A nota da avaliación final no caso de ter **todas as avaliacións suspensas** e superar a avaliación final será dun 5.

A nota da avaliación final no caso de ter **algunha avaliación suspensa** será a **media aritmética** dos tres trimestres, considerando a parte recuperada no exame final cunha nota máxima dun 5.

Para redondear a nota o enteiro máis próximo teremos en conta en sentido positivo a evolución do traballo do alumno o longo do curso, a asistencia a clase, a participación e o comportamento, do mesmo xeito valorarase en sentido negativo se os aspectos mencionados non son favorábeis.

Que criterios segue o centro para a promoción?:

Seguiranse os criterios da lexislación en vigor, así como aqueles que en virtude da posibilidade de concreción e desenvolvemento por parte dos centros, se estableceron no IES de A Pontenova.

5. Procedemento de avaliación extraordinaria**Que tipo de proba se vai aplicar, número de preguntas, valoración de cada unha delas, etc.:**

Nesta proba extraordinaria se avaliarán **todos** os contidos do curso

A proba terá a mesma estrutura que as probas escritas ordinarias, as recuperacións ou a avaliación final, e Incluirá cuestións teóricas (a base de preguntas test e breves que requirirán explicación ou resposta cunha frase, palabra ou enumeración de elementos)

Como se cualifica, redondeos, etc.?:

A proba entenderase superada se o resultado da súa cualificación é tralo redondeo é dun 5 ou superior.

A **cualificación máxima** que lle daremos ao alumno será dun **5**.

6. Procedemento de recuperación e avaliación de pendentes

Neste curso non temos alumnos coa materia pendente

Como se fará o seguimento: clases de recuperación, traballos, reunións de seguimento, etc.?:

N/P.

Como se avalía? (Avaliacións parciais, avaliación final, cualificación de traballos realizados, etc.):

N/P.

Como se elabora a cualificación final. Ponderación, redondeos, etc.?:

N/P

Como se cualifica, redondeos, etc.?:

N/P

8.- OTRAS AVALIACIÓNS

1.- Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente

Proceso de ensino:	1	2	3	4
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8.- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				

Práctica docente:	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado?				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade?				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
7.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
8.- Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe?				
9.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
10.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames, etc.?				
11.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc.?				
12.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
13.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
14.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
15.- As medidas de apoio, reforzo, etc. establécense vinculadas aos estándares?				
16.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,...?				

2.- Avaliación da programación didáctica

1.- Mecanismo de revisión

Con que periodicidade se revisará?:

A periodicidade de revisión será trala finalización de cada avaliación.

Que medidas se adoptarán en caso de desfase?:

As medidas a adoptar en caso de desfase, tanto positivo como negativo, serán aquelas necesarias para que en relación ós aspectos internos, podamos mellorar os nosos puntos débiles ó tempo que aproveitemos os puntos fortes, mentres que con respecto ós aspectos externos, serán aquelas medidas que nos permitan combater as ameazas e aproveitar as oportunidades que nos presente o entorno nos que nos movemos, e todo elo tratando de acadar os obxectivos previstos e a lexislación vixente.

2.- Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica

Programación didáctica	1	2	3	4
1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas?				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8.- Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.?				
18.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación?				
19.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				
20.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
21.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
22.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
23.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
24.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
25.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
26.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
27.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
28.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)				
29.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso?				
30.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
31.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

Observacións:

9.- ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Medidas de atención á diversidade no presente curso

MEDIDAS ORDINARIAS

Organizativas	Curriculares
<p>1. Adecúase a estrutura organizativa do centro e/ou da aula para algún alumno/a ou grupo?</p> <p>a) Tempos diferenciado, horarios específicos, etc.: Non se prevén necesarios</p> <p>b) Espazos diferenciados?: Non se prevén necesarios</p> <p>c) Materiais e recursos didácticos diferenciados?: Non se prevén necesarios</p> <p>2. Faise algún desdoblamento de grupos?:</p> <p>Non se prevén necesarios</p> <p>3. Faise algún reforzo educativo e/ou apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria?:</p> <p>Os membros do Departamento resolverán calquera dúbida ó seu alumnado dentro do horario que non sendo lectivo implique permanencia no centro.</p> <p>4. Que medidas se propoñen para o alumno/a enviado á aula de convivencia?:</p> <p>Traballo a realizar sobre os contidos a traballar no momento do envío.</p> <p>5. Desenvólvese algún programa de habilidades sociais?:</p> <p>Non se prevén necesarios</p>	<p>1. Faise algunha adaptación metodolóxica para algún alumno/grupo como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.?</p> <p>Non se prevé necesaria</p> <p>2. Adáptanse os tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a?</p> <p>Non se prevén necesarios</p> <p>3. Existe algún programa de reforzo en áreas instrumentais (LC/LG/MT) para alumnado de 1º e 2º da ESO?</p> <p>N/P</p> <p>4. Existe algún programa de recuperación de materias non instrumentais (2º ESO)?</p> <p>N/P</p> <p>5. Existe algún programa específico para alumnado repetidor da materia?</p> <p>Non hai neste curso alumnado repetidor da materia</p> <p>6. Aplícase ese programa específico personalizado para repetidores da materia?.</p> <p>N/P</p>

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Organizativas	Curriculares
<p>1. Adecúase a estrutura organizativa do centro e/ou da aula para algún alumno/a ou grupo?</p> <p>a) Tempos diferenciado, horarios específicos, etc.: Non se prevén necesarios</p> <p>b) Espazos diferenciados?: Non se prevén necesarios</p> <p>c) Materiais e recursos didácticos diferenciados?: Non se prevén necesarios</p> <p>2. Faise algún desdoblamento de grupos?:</p> <p>Non se prevén necesarios</p> <p>3. Faise algún reforzo educativo e/ou apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria?:</p> <p>Os membros do Departamento resolverán calquera dúbida ó seu alumnado dentro do horario que non sendo lectivo implique permanencia no centro.</p> <p>4. Que medidas se propoñen para o alumno/a enviado á aula de convivencia?:</p> <p>Traballo a realizar sobre os contidos a traballar no momento do envío.</p> <p>5. Desenvólvese algún programa de habilidades sociais?:</p> <p>Non se prevén necesarios</p>	<p>1. Faise algunha adaptación metodolóxica para algún alumno/grupo como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.?</p> <p>Non se prevé necesaria</p> <p>2. Adáptanse os tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a?</p> <p>Non se prevén necesarios</p> <p>3. Existe algún programa de reforzo en áreas instrumentais (LC/LG/MT) para alumnado de 1º e 2º da ESO?</p> <p>N/P</p> <p>4. Existe algún programa de recuperación de materias non instrumentais (2º ESO)?</p> <p>N/P</p> <p>5. Existe algún programa específico para alumnado repetidor da materia?</p> <p>Non hai neste curso alumnado repetidor da materia</p> <p>6. Aplícase ese programa específico personalizado para repetidores da materia?.</p> <p>N/P</p>

10.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS Y EXTRAESCOLARES

Programarase unha actividade no curso, sempre relacionada co ámbito empresarial ou económico, preferiblemente unha charla cun empresario ou asesor de banca persoal, auditor.

11.- DATOS DEPARTAMENTO

Materia	Curso	Grupos	Profesor/a
Economía	4º ESO	1	José Ramón Blanco Cabaleiro
Economía	1º Bacharelato	1	José Ramón Blanco Cabaleiro
Economía da empresa	2º Bacharelato	1	José Ramón Blanco Cabaleiro
F.O.L.	Ciclo M. de Soldadura	1	José Ramón Blanco Cabaleiro

12.- RELACIÓN COA RESOLUCIÓN

Resolución do 27/7/2015 (DOG 29)

Elementos	Aspectos	Folla
a	Introdución e contextualización	Folla 3
b	Contribución ás competencias básicas	Folla 5
c	Concreción dos obxectivos para curso	Folla 5
d	Concreción para cada estándar	Folla 5
	1º.- Temporalización	Folla 4
	2º.- Grao mínimo de consecución	Folla 7,9
	3º.- Procedementos e instrumentos av.	Folla 7,9
e	Concrecións metodolóxicas	Folla 6
f	Materiais e recursos didácticos	Folla 6
g	Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción	Folla 7
h	Indicadores de logro para avaliar o proc. ensino e p.d.	Folla 8
i	Organización actividades , seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes	Folla 7
j	Procedemento acreditación coñecementos previos	Folla 7
k	Avaliación inicial e medidas	Folla 7
l	Medidas de atención á diversidade	Folla 9
m	Concreción de elementos transversais	Folla 7,9
n	Actividades complementarias e extraescolares	Folla 10
ñ	Revisión, avaliación e modificación da programación	Folla 8

ANEXO I

PLAN ANUAL LECTURA

Dedicación á lectura na aula

En todas as unidades didácticas darémoslles aos alumnos un texto da prensa ou revista económica relacionado cos contidos da unidade, nalgũa ocasión usaremos capítulos illados dalgún libro de narrativa económica.

Dedicarémolles unha sesión a comentalo, facer debate ou exposición.

En moitas unidades didácticas faremos a introdución-motivación a partir dun cómic de contido económico.

Proporemos unha lectura voluntaria ao trimestre.

Itinerarios lectores

As lecturas propostas neste curso **4ºESO** serán:

Colección Cómic Economía en 1/2 hora	José Sande	Ed. Compartiendo Conocimiento
Obélix e compañía	René Goscinny	Ed.
Finanzas para frikis	Jordi Martínez Llorente	Ed. Plataforma
La otra clase de Economía	José Sande	Ed. Compartiendo Conocimiento
Alicia en el país de la Economía	Anxo Penalonga	Ed. Compartiendo Conocimiento

O seguimento farase mediante comentarios entregados a través da aula virtual o directamente ao profesor na aula.

A cualificación das lecturas incorporárase dentro do 20% correspondente a actividades realizadas agás a lectura voluntaria que podería subir a nota do trimestre ata 1 punto.

Utilización dos recursos da biblioteca

Os libros reseñados poden atoparse na biblioteca, ademais poden empregar os ordenadores para consultar a prensa e as web recomendadas.

ANEXO II

PLAN IGUALDADE

Ao longo do curso, farase uso da transversalidade para educar en valores relacionados coa sociedade inclusiva, a igualdade de xénero, a coeducación e a diversidade afectiva-sexual. Utilizarase unha linguaxe igualitaria, tanto a nivel académico, administrativo como informal e insistirase na educación e formación en valores en pro da igualdade efectiva e real.

De conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 2/2014 de 14 de abril *“pola igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia”* formarase ao alumnado no respecto e aceptación das persoas independentemente das súas preferencias sexuais, favorecendo a súa visibilidade e integración.